



Concello de Bueu

Expediente	2310/2020
Código SIA	1429768
Procedemento	Contratacións
Asunto	OBRA. SIMPLIFICADO - OBRA. SIMPLIFICADO - REXENERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO. FASE II. Financiada ao 100 % pola Deputación provincial de Pontevedra ao abeiro do Plan Concellos 2020. LIÑA 1
Unidade Xestora	Departamento de Secretaría
Documento	Acta da terceira sesión da mesa de contratación permanente da Xunta de Goberno Local
Trámite	Cuarta sesión da mesa de contratación, proposta de adxudicación

ACTA IV - 2310/2020

Lugar: Salón de plenos. Casa consistorial.

Data: 09.06.2021

Hora da convocatoria: 13.00 h

Hora de comezo: 13.10 h

Hora de remate: 13.30 h

ASISTENTES

Presidente: Félix Juncal Novas, Alcalde do Concello de Bueu.

Secretaria da Mesa de contratación: Susana Miragaya González, Xefa do Negociado de Secretaría do Concello.

Vogal titular 1º: Paula Piñeiro Camiña, Secretaria do Concello

Vogal titular 2º: Marcos Vazquez Campaña, Interventor do Concello

Vogal titular 3º: Jaime Sixto García, Adxunto a Tesourería do Concello.

ORDE DO DÍA

1. Dación de conta da documentación aportada por SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES S.L tralo requirimento efectuado pola mesa de contratación na sesión celebrada en data 26.05.2021

2. Proposta de adxudicación

O Presidente declara aberta a sesión ás 13.10 horas do mencionado día ao atoparse reunidos os membros titulares da Mesa que figuran no encabezado da presente acta, xunto co Presidente e Secretaria titular do mesmo, nomeados na sesión ordinaria da

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 7224NWPXSDTZC7AAKJUSJ6CSG9 | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello de Bueu

Xunta de Goberno Local celebrada o día 22.05.18 (Certificado núm. 2018-0177) relativo ao acordo de creación da mesa de contratación permanente da Xunta de Goberno Local (CSV: 76YRYGJADS6F24NPZCFZGFJHE) (BOPPO núm. 104 de data 31.05.18) e do Acordo de Modificación da Composición da Mesa de Contratación Permanente da Xunta de Goberno Local (Certificado núm. 2019-0011) (CSV:4HQS7QJR6J5NWAHWER5LHWYDE) (BOPPO núm. 24 de data 04.02.19) convocados para o presente acto a través de notificación electrónica do servizo de licitación electrónica da Plataforma de contratos do sector público (en adiante, PLACSP).

1. Dación de conta da documentación presentada por SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES S.L CIF. B27808641

Por parte do Presidente da mesa de contratación e de acordo co procedemento establecido na cláusula 20 do PCAP dase conta da documentación aportada tralo requirimento efectuado a SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES S.L CIF. B27808641 (S-RE-1044 de 27.05.2021) a efectos de que presentase documentación acreditativa de que ostenta a solvencia económica, financeira e técnica de acordo co sinalado no apartado V.1 do CCP Anexo I do PCAP e na cláusula 9 do PCAP toda vez que nos certificados expedidos polo Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e polo Rexistro de Contratistas de Galicia non consta a clasificación da licitadora, así como unha declaración responsable na que manifieste que os datos que figuran en ditos Rexistros non experimentaron variación de conformidade co disposto na cláusula 20 e segundo o disposto no apartado 4º do artigo 141 LCSP.

Por parte do Presidente dase conta da documentación presentada no Rexistro do concello en data 01.06.2021 (2021-E-RE-1204) consistente en:

- Declaración do volume de negocios dos anos 2018,2019 e 2020
- Xustificante de depósito das contas anuais no Rexistro Mercantil
- Certificado da Póliza numero:0961879030140 de seguro de responsabilidade civil subscrito con MAPFRE ESPAÑA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA e xustificante de pago
- Relación de obras executadas no curso dos últimos cinco anos axuntando certificados de boa execución expedidos por outras administracións públicas.
- Declaración indicando o persoal técnico e medios e maquinarias adscritos á execución do contrato
- Declaración de que os datos que figuran no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro de Contratistas de Galicia non experimentaron variación
- Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para contratar do artigo 71 LCSP
- Documentación complementaria consistente no Certificado de Inscripción no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia expedido en data 27.05.2021 e certificados ISOs

Asemade dáse conta por parte do Presidente do Informe emitido en data 07.06.2021 emitido polo funcionario Adxunto de Tesoureria facendo constar que SODEIN





Concello de Bueu

SOLUCIONES INTEGRALES SL, con NIF/CIF B27808641, NON MANTÉN DÉBEDAS, ou sancións tributarias, en periodo executivo cuxa execución non se atope suspendida, aprazada ou fraccionada así como do depósito do aval bancario susbscrito co Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A en concepto de garantía definitiva por importe de 4.650 euros tal e como consta acreditado mediante documento contable NPC asinado polo Interventor e o Funcionario Adxunto a Tesoureria de data 09.06.2021 (CSV: ASQFCP67EHDFMYKA6Q6TPF2E4) incorporado ao expediente.

Tendo en conta a documentación achegada e a restante documentación obrante no expediente, a mesa de contratación por unanimidade dos membros asistentes con dereito a voto acorda considerar acreditada a solvencia técnica e económica de SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES S.L e cumprimentada a documentación esixible con carácter previo á adxudicación do contrato ao abeiro do disposto na cláusula 20 dos PCAP.

2.Proposta de adxudicación

Logo do anterior, considerando o procedemento previsto na 20ª dos PCAP rexedores do contrato e tendo en conta o disposto no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de Novembro, de Contratos do Sector Público, á vista da documentación presentada en prazo pola licitadora que foi requirida, acórdase pola unanimidade dos membros asistentes a mesa de contratación acorda propor ao órgano de contratación:

- A adxudicación do contrato da obra REXENERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO. FASE II a favor de SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES S.L CIF. B27808641 por ser o licitador que figura no primeiro posto de clasificación ao presentar a oferta coa mellor relación calidade prezo de acordo cos criterios de adxudicación sinalado no apartado VI.4 do CCP Anexo I do PCAP do seguinte xeito:

ORDE	LICITADOR	OFERTAS SEN IVE	PUNTOS PREZO	PUNTOS MELLORA 1	PUNTOS MELLORA 2	PUNTUACION TOTAL
1º	SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES S.L CIF. B27808641	93.000,00 €	70,00	16	14	100,00

Dáse por finalizado este acto, sendo as 13.30 horas do día indicado no encabezado, do que se levanta acta que asinan todos os presentes, en proba de conformidade co seu contido, do que, como Secretaria da Mesa, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE POLOS MEMBROS DA MESA ASISTENTES Á SESIÓN

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.

